

5


A LONGA NOITE DE PEDRA (1936-1975)

Durante a ditadura franquista os cambios xerais que se producen en toda España amosan en Galicia, xunto ós caracteres comúns, algunhas singularidades. No plano socioeconómico hai unha primeira etapa de retroceso cunha forte re-ruralización. A partir dos anos cincuenta agroma unha industrialización de intensidade media, baseada sobre todo na xeración de enerxía eléctrica e na construción naval. Os servizos tamén progresan e o agro especialízase na produción de carne, leite e madeira. Malia estes avances, Galicia segue a ser un país subdesenvolvido respecto das medias europea e española, cunha segunda gran vaga migratoria, agora cara ós países avanzados de Europa e ás rexións peninsulares de maior crecemento económico.


No eido político, os partidarios da República sofren unha represión implacable. Son moitos os mortos, os presos, os expulsados da función pública e os exiliados. Con todo, a resistencia permanece viva nos anos corenta en forma de pequenas guerrillas que finalmente son liquidadas. Tras uns anos de eclipse case total, a oposición clandestina renace nos anos sesenta. A dureza da ditadura induce nela unha radicalización ideolóxica, de xeito que os dous compoñentes principais da loita antifranquista son os grupos comunistas que dirixen un crecente movemento obreiro e uns partidos nacionalistas, pequenos pero moito máis escorados á esquerda que o galeguismo de preguerra.

CONTIDOS

- 1 A posguerra: silencio ou exilio
- 2 Industrialización, cambio agrario e emigración
- 3 A nova oposición antifranquista: comunismo e nacionalismo



	GUERRA CIVIL	FRANQUISMO
ESPAÑA	<ul style="list-style-type: none"> • Comezo da Guerra Civil. Xefatura de Franco • Final da Guerra Civil. Represión 	<ul style="list-style-type: none"> • Foro dos Españóis • Ingreso de España na ONU • Plan de Estabilización • Folgas en Asturias. Comisións Obreiras • Pacto militar cos EUA • Movemento estudiantil antifranquista • Proceso 1001 • Atentado contra Carrero Blanco
GALICIA	<ul style="list-style-type: none"> • Triunfo sublevación militar. Represión, fuxidos e maquis • Atila en Galicia. Galicia Mártir 	<ul style="list-style-type: none"> • Unión Republicana Galega. Aprobación do Estatuto en México • Execución do último guerrilleiro • Morte de Castelao. Editorial Galaxia • Partido Socialista Galego. Encoro de Belesar • Unión do Pobo Galego • Comisións Obreiras de Galicia. Folgas • Consello de Galicia en Buenos Aires • Encoro das Cunchas • Celulosa de Pontevedra • Folgas en Ferrol • Accións contra o encoro de Castrelo de Miño • Lei Orgánica do Estado • Fundación de ERGA • Asociación O Galo • Partido Comunista de Galicia • Disturbios na Universidade. en Ferrol e Vigo • Folgas en Vigo
	1936 1937 1938 1939 1940 1941 1942 1943 1944 1945 1946 1947 1948 1949 1950 1951 1952 1953 1954 1955 1956 1957 1958 1959 1960 1961 1962 1963 1964 1965 1966 1967 1968 1969 1970 1971 1972 1973	



Porto de Ferrol (fragmento), óleo de Carlos Villaamil, 1975.

Cuestións para resolver

- Cales son as causas que fan que Galicia siga a ser subdesenvolvida respecto de España?
- Que papel desempeña o movemento obreiro durante os anos 1970?

1 A POSGUERRA: SILENCIO OU EXILIO

Os anos que van do verán de 1936 ós primeiros cincuenta son tempo de **represión**, de sometemento forzado ás pautas políticas, relixiosas e morais impostas pola ditadura. A depuración ideolóxica da sociedade é implacable e non había outras vías de fuxida que o **exilio** ou a **resistencia clandestina** que normalmente acababa na cadea ou no cemiterio. Só despois de erradicar toda oposición, a presión do réxime, sempre vixiante, amainou algo.

1.1. A destrución dos inimigos interiores

A rápida vitoria do golpe militar en Galicia, sen baixas apreciables no bando rebelde, non trouxo consigo unha actitude xenerosa por parte dos vencedores. Todo o contrario. Aquí, como en todas as zonas que os "nacionais" controlaron desde o principio, púxose en marcha unha eficaz **política represiva** que procuraba, ademais da destrución sistemática e definitiva de partidos e sindicatos, sementar na poboación un terror tan fondo que acabase con calquera vontade de resistencia no presente e no futuro **DOC.1**. Era un anuncio do que lle agardaba a toda España se o Movemento Nacional gañaba a Guerra Civil.

A aplicación desa política supuxo, nun primeiro momento, como xa dixemos, a execución sumaria ou o simple asasinato extraxudicial dos líderes do movemento obreiro e dos republicanos e nacionalistas de esquerda **DOC.2**. Despois, co país controlado, fíxose unha caza completa dos cadros medios e militantes que se acocharan mellor ou peor, na que colaboraron as denuncias de xentes de dereita e mesmo dalgúns sacerdotes. O proxecto *Nomes e Voces* ten documentados en Galicia 3233 asasinatos extraxudiciais e 1466 execucións de sentencias de morte entre 1936 e 1939, ós que cómpre sumarmos moitos máis condenados a penas de prisión **DOC.3**.

Pero a limpeza non se limitaba ás esquerdas. Aínda que con menos dureza tamén alcanzou a quen, sendo conservadores e mesmo fundamente católicos, se mantiveran fieis á legalidade republicana e non se sumaran en xullo de 1936 ós alzados. Estes non foron a prisión, pero sufriron ora o desterro, ora o ostracismo político e a perda de cargo público. Tal foi, por exemplo, o caso de Otero Pedrayo, separado da súa cátedra durante anos, como tantos outros, porque a depuración masiva da Administración do Estado –civil e militar– así como de empresas consideradas estratégicas, como o ferrocarril, foi unha das grandes medidas prácticas para asentar o novo réxime sobre bases totalmente fiables.

Un dos principais elementos definidores do Alzamento Nacional era o seu **españolismo radical** e absolutamente intolerante, non só cos nacionalismos alternativos, senón tamén con calquera lingua diferente da castelá/española. Galicia foi a primeira en comprobalo. Á parte de disolver as organizacións galeguistas, os usos públicos do galego foron prohibidos e mesmo se ridiculizaba o seu uso privado **DOC.4**.

Asemade, como en toda España, **exaltábase a figura de Francisco Franco** para a converter no líder carismático e providencial que necesita todo sistema antidemocrático para se estabilizar alén do medo provocado pola coacción. Nesta política encádrase o agasallo do Pazo de Meirás, antiga casa dos Pardo Bazán, ao ditador, adquirido mediante suscripción "popular" forzosa **DOC.5**.

1.2. As resistencias fallidas

Pero todas estas medidas non foron quen de acabar totalmente coa oposición interior á ditadura. Algúns conseguiron escapar da persecución en cidades e vilas. Foron os fuxidos, que se acocharon nos montes cando cesou a resistencia no medio urbano. De aquí naceron as guerrillas antifranquistas, os **maquis**, poucas e mal organizadas durante a Guerra Civil. Rematada esta, e sen un país estranxeiro ao que fose doado marchar, os maquis adquiren un novo pulo en Galicia, en parte porque non había outra saída para os seus membros, en parte porque os mantiña a esperanza de que o triunfo dos aliados na Segunda Guerra Mundial acabaría tamén co réxime de Franco.

Outro factor que explica esta supervivencia é a política do **Partido Comunista** que, convencido da viabilidade da loita armada e popular contra a ditadura, pasou a organizar, financiar e controlar a maior parte do movemento guerrilleiro en toda España, incluída Galicia. Con todo, desde 1946 vai quedando claro que os Estados Unidos non están dispostos a mover un dedo contra Franco. O Partido Comunista acabará renunciando á súa estratexia armada e as guerrillas galegas, illadas e sen apoios, van sendo liquidadas pola Garda Civil. A detención do mítico Foucellas, que xa levaba tempo sobrevivindo só no monte, en marzo de 1952, e a súa posterior execución a garrote vil marcan o definitivo punto final deste tipo de resistencia.

A **desarticulación dos partidos políticos** é practicamente completa. Apenas quedan pequenos grupos organizados na **clandestinidade** que, con gran risco de seren descubertos pola policía, se limitan a manter a relación entre militantes, a axudar a compañeiros en apuros e a esporádicos contactos coas forzas que seguen vivas no exilio. As durísimas condicións nas que se desenvolvía esta actividade clandestina e o feito de que en 1946 fosen detidos os encargados das relacións co exterior acabaron extinguindo totalmente as organizacións socialistas e republicanas do interior. Os comunistas lograron sobrevivir, se ben reducidos á mínima expresión, sobre todo despois da liquidación das guerrillas.

Pola súa parte, os **galeguistas** mantiveron tamén nos primeiros anos da posguerra unha cativa organización clandestina coa que participaron nos intentos de reorganización unitaria da oposición, como a Xunta Galega de Alianza Democrática de 1944 ou a formación da Unión Republicana Galega de 1945, que ingresou na Alianza Nacional de Forzas Democráticas.



Todo pola Patria, a relixión e a familia!

DOC.1 Castelao denunciou en Atila en Galicia (1937) os asasinatos de democratas galegos durante a Guerra Civil.

ESTIMACIÓN OFICIAL DOS MORTOS EN GALICIA LOGO DA SUBLEVACIÓN DE 1936				
Cidade	Homicidios	Execucións irregulares	Execucións xudiciais	Total
A Coruña	8	303	607	918
Lugo	10	165	59	234
Ourense	4	155	17	176
Pontevedra	11	346	109	466
TOTAL	33	969	792	1794

DOC.2 FERNÁNDEZ, C.: *El alzamiento de 1936 en Galicia*, 1987.

1. Pescuda na túa familia que lembranzas fican do acontecido neses anos en Galicia e compara os teus resultados cos dos compañeiros.

HABLE BIEN

Sea Patriota - No sea bárbaro

Es de cumplido caballero. que Vd. hable nuestro idioma oficial o sea el castellano. Es ser patriota.

VIVA ESPAÑA Y LA DISCIPLINA Y NUESTRO IDIOMA CERVANTINO

¡¡ ARRIBA ESPAÑA !!

Octavilla. Imprenta Sindical. A Coruña. 1942

DOC.3

O ambiente social de Lavadores era o da cidade de Vigo, acentuado claro está, pola maior influencia que o elemento obreiro debía exercer nos lugares en que tiña o seu domicilio familiar. Moitos dos seus moradores nos centros societarios –fábricas e obradoiros da cidade a onde ían traballar– levaban o virus pezoñento da anarquía e da revolución que, rematado o traballo, levaban as súas mulleres e os seus fillos, convertendo a barriada nun verdadeiro foco comunista. Por isto abofé, foi Lavadores o lugar escollido polos revoltosos de Vigo, como principal refuxio e punto de concentración, unha vez desaloxados da cidade. ¡Duro castigo sufriran en Lavadores as forzas da revolución, pero non quedaron exterminadas nin moito menos!

Non máis alá do mes de setembro –dous meses despois de comezado o Movemento– empezou en Lavadores unha racha de asaltos a establecementos, atracos e roubos seguidos en máis dunha ocasión de asasinato. Os revoltos que, fuxidos se alternaran nos montes, volvían dar sinais de vida! Isto deu lugar a unha serie de limpeza que puxeron a proba a grande actividade, acerto e resistencia da Garda Civil, Milicias da JAP, Falanxe e Cívicos de Vigo (...). Finalmente, dous días antes do 15 de marzo, descubriuse no barrio de Bouciña unha cova que medía 32 m de longo por 2,50 de ancho con dúas galerías que comunicaban con tres casas, nunha das cales habitaban un home e mais dúas mulleres, noutra dous homes e unha muller, e unha muller e dous homes na terceira. De todos eles, cómplices declarados dos once individuos da vivenda subterránea, salváronse soamente dúas mulleres que se atopaban en estado; os demais pagaron a súa falta de patriotismo e a súa culpable desobediencia ós bandos de guerra.

SILVA FERREIRO, M.: *Galicia y el Movimiento Nacional*, 1938. [Traducido do castelán]

2. Compara os valores defendidos actualmente pola maioría dos católicos coa actitude que se desprende destas liñas e intenta explicar as causas da diferenza.

DOC.5

O día 28 de marzo do noso Segundo Ano triunfal, Ano do Señor de Mil Novecentos Trinta e Oito, a cidade e provincia da Coruña fixéronlle a ofrenda-daozón das Torres de Meirás ao fundador do Novo Imperio, Xefe do Estado, Xeneralísimo dos Exércitos e Caudillo de España Francisco Franco Bahamonde.

Galicia que o viu nacer, que oíu a súa voz o Dezaioito de Xullo, que lle ofreceu o sangue dos seus fillos e o tesouro das súas entrañas, que lle seguiu polo camiño do triunfo da Unidade, Grandeza e Liberdade da Patria, asocia nesta data, para sempre o nome de Franco ao seu soar, en terras do señor San Iago, como unha gloria máis que engadirle á súa historia.

Deputación Provincial da Coruña,

COSTA CLAVELL, X.: *Las dos caras de Galicia bajo el franquismo*, 1980. [Traducido do castelán]

4. Explica os motivos do uso deste tipo de linguaxe por unha institución pública.

DOC.4 Octavilla contra o uso do galego distribuída na Coruña en 1942.

3. Por que os franquistas identificaban patriotismo español co uso exclusivo do castelán?

Pero a consolidación do réxime franquista despois da Guerra Mundial e en prisión Ramón Piñeiro, encargado dos contactos co exterior, fixeron que o Partido Galeguista deixase de dar sinais de vida. Os galeguistas do interior abandonan a actividade política para centrarse na preservación e difusión cultural. Con esa fin fundan en 1950 a Editorial Galaxia e despois o seu órgano de expresión: a revista *Grial*.

1.3. O exilio

Os galegos demócratas que tiveron a sorte de estaren o 18 de xullo de 1936 fóra de Galicia, como os deputados que se atopaban en Madrid ou aqueles outros que ocupaban cargos políticos en diferentes lugares de España, loitaron do lado da República. Nesa loita salientan os **comunistas** como Enrique Lister e Santiago Álvarez e o labor de **nacionalistas** como por exemplo Castelao, cos seus álbums de denuncia da barbarie dos "nacionais" (*Galicia Mártir, Atila en Galicia*) e as súas viaxes pola URSS, Cuba e Estados Unidos para recabar axudas á República. En marzo de 1939 todos marcharon ó exilio, moitos a América. Dos que estaban en Galicia, só uns poucos puideron fuxir ao estranxeiro.

Case todos eles colaboraron en **manter funcionando o Goberno e o Parlamento da República** noutras terras na esperanza de que o remate da Guerra Mundial traería consigo a desaparición da ditadura. Con tal fin crearon organizacións unitarias de escaso éxito como o Bloque Nacional Republicán Galego, fundado en Francia en 1944.

Os nacionalistas, e sobre todo Castelao, impuxéronse ademais outro obxectivo: que as Cortes republicanas recoñecesen oficialmente os resultados do referendo do **Estatuto de Autonomía** de 28 de xuño de 1936 e o aprobasen, co que Galicia ficaría institucionalmente equiparada a Cataluña e Euzkadi. Pero a aprobación definitiva non chegaría ata a reunión que tivo lugar en México en 1945. Entretanto, a única nota diferenciada do exilio galego era a actividade dos nacionalistas, principalmente no eixe Buenos Aires-Montevideo desde a chegada de Castelao no ano 1940.

Castelao desenvolveu unha incesante actividade destinada a manter vivo o nacionalismo organizado e a incrementar o peso político de Galicia dentro do exilio republicano. Con esa fin dirixiu a Irmandade Galega, que reiniciou en 1942 a publicación de *A Nosa Terra*; creou en 1944 o **Consello de Galiza** **DOC.6** e **DOC.7**, integrado por algúns deputados galeguistas e republicanos e que pretendía substituír o goberno galego que non se puidera constituír porque non dera tempo á implantación das institucións autonómicas.

Castelao escribiu en 1944 *Sempre en Galiza*, o gran testamento ideolóxico da súa xeración; formou parte en 1946 do Goberno republicano presidido por Giral; e mantivo unhas relacións, non sempre doadas, cos restos do galeguismo que quedaban en Galicia. Pero a partir de 1946-1948, cando se fixo evidente que a ditadura de Franco tiña moitos anos por diante, e máis aínda desde a morte de Castelao en 1950, o pulo político do exilio galego foi decaendo aceleradamente.

DOC.6

Alfonso Rodríguez Castelao, Elpidio Villaverde Rey, Ramón Suárez Picallo e Antón Alonso Ríos, son os únicos deputados galegos que viven refuxiados en Sud-América e, por espontánea decisión de todos eles, acordán xuntarse nun soio corpo de dirección política para gardar, manter e defender a derradeira vontade de Galiza, antramentras dure esta etapa de asoballamento, na que o povo se ve privado de toda expresión democrática. Os ditos mandatarios afirman que a vontade política de Galiza arrinca legalmente do Estatuto plebiscitado en 1936 (...). Os devanditos mandatarios defenderán, por conseguinte, o dereito de autodeterminación para o povo que representan; pero considéranse autorizados a restrinxir este dereito ao que é racionalmente xusto e posíbel, descartando, de antemán, o separatismo, e abogando por unha unión paccionada de todol-os povos diferentes de Hespaña, ou millor da Península, dentro dun Estado plurinacional republicano. (...)

E como primeira medida acordou, por unanimidade dos Conselleiros e unánime consenso dos grupos orgaizados, conferir a Presidencia do Consello de Galiza a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, quen fica autorizado dende este intre para levar as negociacións de alianza cos Presidentes de Euzkadi e Cataluña, a fin de que Galiza entre, con propia personalidade e triple forza, nunha concordia xeral hespañola, capaz de derubar o réxime franquista e restablecer a liberdade en Hespaña.

Acta de constitución do Consello de Galiza, en A Nosa Terra, 1944.

5. Explica por que o Consello de Galiza tivo pouca eficacia política.



DOC.7 Acto político en Buenos Aires. Castelao, presidente do Consello de Galiza, e o lehendakari José Antonio Aguirre.

2 INDUSTRIALIZACIÓN, CAMBIO AGRARIO E EMIGRACIÓN

Na evolución socioeconómica de Galicia durante o franquismo cómpre diferenciarmos, como no conxunto de España, dúas etapas separadas polos anos de transición de 1953-1959: unha **longa posguerra** de escaseza e autarquía e os tres lustros de **arranque económico** que van do Plano de Estabilización de 1959 á morte de Franco en 1975, coincidente co cambio de conxuntura provocado pola chamada crise do petróleo de 1973.

2.1. O retroceso da posguerra

Os indicadores da grave crise económica que experimenta Galicia durante os primeiros anos da ditadura son moi claros. A acusada **re-ruralización** do país fai descender as persoas ocupadas na industria e nos servizos tanto que a porcentaxe dos ocupados na agricultura retorna ós valores de finais do século XIX **DOC.1**. Pero isto non provoca sequera un incremento da produción agraria, que descende tamén e non se recuperarán as cotas de preguerra ata os anos cincuenta, o que indica a inversión transitoria do proceso de modernización do primeiro terzo do século XX. Aínda que é certo que o mesmo acontece no conxunto de España, en Galicia o retroceso é maior e dura uns dez anos máis **DOC.2**.

Doutra banda, a **poboación segue medrando**, aínda que lentamente, e nun principio a tradicional válvula de escape da emigración fica pechada. De feito, na década de 1930 os efectos da crise económica mundial e da Guerra Civil súmanse para dar incluso un saldo emigratorio negativo. Máis bocas que alimentar e menos con que as alimentar son o terrible binomio que explica a **extrema dureza das condicións de vida** da posguerra para a maioría: escaseza e carestía de todos os bens tanto de consumo como industriais, racionamento drástico dos alimentos, estraperlo e mercado negro, e incremento anómalo de mortes e enfermidades provocadas pola malnutrición e unha rede sanitaria totalmente insuficiente e anticuada.

Esta penuria aguda alongouse durante os anos corenta, especialmente ata 1945, por canto o Estado, non só non podía importar o que lles faltaba ós seus habitantes, senón que detraía unha parte de alimentos e de materias primas (como o volframio galego) para lla entregar á Alemaña nazi como compensación pola axuda que esta lle prestara ao exército de Franco durante a Guerra Civil. A situación empezou a aliviarse algo, pero non moito, a partir do remate da Guerra Mundial tanto porque a **fuxida migratoria** empezou de novo como pola progresiva normalización do comercio internacional.

Con todo, nesta etapa séntanse xa algunhas das bases do papel que o réxime lles atribuiría a Galicia dentro da economía española. En primeiro lugar, a indiferenza para a súa agricultura e gandería, que contrastaba coa protección da cerealística e oleícola do interior.



DOC.1 Unha aldea de Ourense en 1944.

A POBOACIÓN ACTIVA POR SECTORES (Porcentaxes sobre poboación activa total)

Ano	Galicia			España		
	Agricultura e pesca	Industria	Servizos	Agricultura e pesca	Industria	Servizos
1930	65,3	14,7	20,0	45,5	26,5	28,0
1940	73,1	10,9	16,0	50,5	22,2	27,3
1950	71,9	13,6	14,5	47,6	26,5	25,9
1960	67,9	15,9	16,1	38,2	31,8	30,0
1970	50,0	23,6	26,4	24,2	38,4	37,4

DOC.2 BEIRAS, X.M. e LÓPEZ, A.: *A poboación galega no século XX*, 1999.

1. Explica as fases de retroceso e de avance da economía galega e compáraas coas do conxunto de España.

En segundo lugar, e en liña coa política de autarquía económica que mantiña o franquismo nestes anos, a potenciación das producións de enerxía e de materias primas para as que o país amosaba claras vantaxes comparativas. Neste ámbito salienta a expropiación ós veciños de moitos montes comunais para iniciar unha reforestación orientada á expansión da **industria madeireira**, primeiro de táboas de piñeiro en aserradoiros, logo de aglomerados en fábricas, e finalmente de pasta de papel a partir dos eucaliptos. Pero o buque insignia desta política foi o **sector hidroeléctrico**.

A construción de encoros e de centrais iníciase a finais dos corenta e segue a gran ritmo ata os setenta. Xa en 1952 a produción de electricidade é 12 veces superior á dos anos trinta e dez anos despois o índice multiplicador chega a 40 **DOC.3**. Así e todo, estas producións non fomentaban a industrialización de Galicia, senón que estaban ao servizo dos polos de desenvolvemento de España (Madrid, Cataluña, País Vasco). Por exemplo, exportábase máis do 70% da enerxía eléctrica. Pero si permitiron a consolidación ou aparición dos poucos grupos económicos galegos de peso, entre os que salienta o do Banco Pastor-FENOSA, da familia Barrié, descendente daquel francés que montara os seus primeiros negocios na Coruña case dous séculos antes.

En terceiro lugar, o **sector público**, fose mediante o Instituto Nacional de Industria ou a través doutros organismos do Estado, tivo en Galicia iniciativas, concordes con esa política, que empezaron a configurar o peculiar tecido produtivo das décadas seguintes: unha presada de grandes industrias modernas –que algúns chaman "de enclave" por estaren promovidas desde fóra e manteren unhas relacións económicas moi febles ou nulas coa economía do país– como pequenas illas en medio dun mar agrícola e atrasado. Citemos, a modo de exemplo, a **Celulosa de Pontevedra** (1956) e, no sector naval, a **Empresa Nacional Bazán** (1947).

Por último están as poucas **industrias autóctonas**. Á parte das conserveiras e dos pequenos e medianos estaleiros que viñan de atrás, as novidades neste apartado son moi escasas: a empresa química Zeltia (1939) e a de transformados do peixe Pescanova (1960), as dúas vinculadas ó grupo Fernández, ou a construtora naval ASTANO, promovida polo grupo Pastor en 1944 e absorbida polo sector público en 1971.

2.2. As transformacións de 1959-1975

Mais todo isto non abundaba para alterar a natureza básica da situación. Contra 1960 Galicia seguía a ser un país subdesenvolvido mesmo respecto da media española. As transformacións de fondo prodúcense a partir desa data.

A agricultura e a gandería volven ao camiño modernizador dos anos vinte e trinta. O réxime, ante o rápido aumento das necesidades de abasto das zonas de maior desenvolvemento urbano e industrial, favorece a conversión gradual da economía rural tradicional, baseada no policultivo de autoconsumo, nunha **actividade especializada** na produción

de carne e leite destinadas ao mercado. Deste modo, sen alterar o carácter minifundista das explotacións, o campo galego vai entrando, en posición subordinada, nos circuitos da economía capitalista. Isto esixía tamén unhas **melloras técnicas**, sempre a cargo do campesiño, das que é boa mostra o vivo ritmo de expansión do parque de tractores desde mediados a década dos sesenta **DOC.4**.

O modelo de industrialización segue as mesmas pautas que na etapa anterior pero aumenta considerablemente a súa intensidade, grazas ao efecto de arrastre do rápido crecemento que se dá en toda España e ás maiores facilidades para a **implantación de empresas multinacionais**.

Aínda así, a maior parte das novas industrias, sexan públicas ou privadas, producen enerxía ou materias primas (Petróliber, térmicas de Meirama e As Pontes, Alúmina-Aluminio) e crean poucos postos de traballo en proporción ó capital investido **DOC.5**. Hai dúas excepcións que, en consecuencia, xeran senllos focos de alta concentración industrial e obreira, nos que as grandes industrias de cabeceira se complementan cun gran número de industrias auxiliares: **Citröen-Hispania** en Vigo e o desenvolvemento da **construción naval**, civil e militar, en Ferrol a partir da base establecida en anos anteriores.

Citröen-Hispania, cun crecemento continuo ata hoxe, é un dos grandes piares da industria galega desde a súa fundación en 1958. A construción naval coñece un auxe moi rápido ata 1975, favorecida polo aumento mundial da demanda de grandes petroleiros e outros buques, pero decaerá con igual rapidez despois, vítima do cambio de conxuntura que provoca a curto prazo a crise iniciada en 1973 **DOC.6**.

Esta industrialización, unida ao conseguinte **crecemento dos servizos** públicos e privados, repercute na distribución da poboación activa, cun incremento considerable dos traballadores nos sectores secundario e terciario, e a paralela diminución dos primarios. Así e todo, aínda en 1970, Galicia segue a amosar neste eido cifras que, para os países do primeiro mundo, son máis propias do século XIX ca do último cuarto do XX e que mesmo están moi afastadas da media española. Isto implica que nin sequera os progresos económicos da segunda metade do período franquista foron quen de reducir drasticamente o subdesenvolvemento da economía galega.

Un subdesenvolvemento que é outra volta o motor da segunda **emigración masiva** da historia de Galicia. Unha emigración de dimensións aínda maiores cás da primeira, pois en só vinte anos abandonaron o seu país case medio millón de persoas, sobre un total de pouco máis de dous millóns e medio. Poucas menos cás que o fixeran no medio século que media entre 1880 e 1930 **DOC.7** e **DOC.8**. Hai, ademais, cambios nas direccións dos fluxos migratorios: redúcense moito os tradicionais desprazamentos a alén mar e pasan a primeiro plano os destinos europeos (Alemaña, Suíza, Francia, Reino Unido) e peninsulares (Barcelona, País Vasco, Madrid). En todo caso, de novo o país vese privado dunha parte do seu potencial demográfico, laboral e intelectual.

PRODUCCIÓN DE ELECTRICIDADE (1941-1971)

Ano	kw/h
1941	35 000
1952	412 000
1962	1 323 000
1971	2 081 757

DOC.3 INE


2. Explica as causas do rápido aumento da produción de electricidade nunha economía subdesenvolvida como a galega.

NÚMERO DE TRACTORES

Ano	Galicia	España
1962	872	92 755
1965	2 977	140 698
1972	18 786	306 189
1981	59 380	522 992
1982	63 869	571 074

DOC.4 INE

3. Compara a evolución do parque de tractores en Galicia e en España, e explica os ritmos de crecemento.



DOC.5 Esgotadas as posibilidades de segu construíndo grandes encoros en Galicia, foise á explotación intensiva dos combustibles non renovables do país. Na foto, a central térmica das Pontes de García Rodríguez hoxe.

4. Tendo en conta criterios ambientais e económicos, valora a política enerxética levada a cabo en Galicia.



CONSTRUCCIÓN NAVAL

Ano	Tonelaxe Bruta
1960	25 629
1962	53 566
1964	63 179
1966	129 325
1969	111 663
1971	238 532
1975	673 636
1978	366 025
1980	157 277

DOC.6 Os estaleiros da Empresa Nacional Bazán en Ferrol no ano 1962.

5. Explica as causas do auxe e posterior contratación da construción naval en Galicia.

INE

POBOACIÓN E EMIGRACIÓN

Anos	Habitantes de Galicia	Galicia/España (en %)	Emigrantes netos
1860	1 799 224	11,40	-
1861-1930	-	-	675 000
1930	2 230 281	9,46	-
1931-1940	-	-	-63 000
1940	2 495 860	9,60	-
1941-1950	-	-	115 000
1950	2 604 200	9,30	-
1951-1960	-	-	237 000
1960	2 602 962	8,50	-
1961-1970	-	-	229 000
1970	2 583 674	7,60	-

DOC.8 BEIRAS, X.M. e LÓPEZ, A.: A poboación galega no século XX, 1999.

6. Enumera os factores que inciden na evolución da emigración galega neste período.



DOC.7 Emigrantes subindo ao tren nos anos sesenta.

3 A NOVA OPOSICIÓN ANTIFRANQUISTA: COMUNISMO E NACIONALISMO

Nos primeiros anos sesenta varios feitos provocaron o nacemento dunha oposición á ditadura: o inicio do desenvolvemento económico, a tímida liberalización económica e informativa do réxime e a chegada dunha xeración que non sufrira os terrores da guerra e da posguerra. O resultado é a rápida expansión do **movemento obreiro** e do **movemento estudantil**, fenómenos que prenden antes, como é lóxico, nos grandes centros industriais (Asturias, País Vasco, Cataluña, Madrid) e nas universidades (Madrid, Barcelona), pero que axiña se espallan a outras zonas.

A dureza da ditadura, unida á fascinación que exercen sobre a xuventude as revolucións de China, Cuba, Vietnam, etc., así como o feito de que o Partido Comunista de España fose o único en manter unha mínima resistencia organizada, alimentan o predominio das opcións de inspiración marxista-leninista na oposición emerxente. En cambio, as tendencias liberal-democráticas, socialdemócratas e anarquistas, maioritarias durante a República, teñen unha presenza moi feble.

3.1. Comunismo e movemento obreiro

A única organización que pervive na clandestinidade, aínda que moi reducida, é o **PCE**, que vai montando algunhas células nas fábricas máis importantes de Galicia.

En 1962, coincidindo coas folgas de Asturias das que naceron as **Comisións Obreiras**, ten lugar en Bazán unha folga, primeiro sinal de que o labor de anos anteriores estaba dando un salto cualitativo. O segundo sinal foi a creación en 1967 das **Comisións Obreiras de Galicia**, que protago-

nizan nos anos seguintes os conflitos laborais, cada vez máis frecuentes especialmente en Ferrol, A Coruña e Vigo, lugares de maior concentración obreira **DOC.1**.

Aínda que **CCOO** agrupaba traballadores de diferentes ideoloxías e moitos sen militancia en ningún partido, é evidente que o control do sindicato lle correspondía en exclusiva ó **PCE**. Isto, e a súa progresiva implantación en medios universitarios, fixo deste partido a forza máis importante da oposición clandestina tamén en Galicia.

A tradición ideolóxica leninista á que seguía pertencendo o **PCE** esixía recoñecer o dereito de autodeterminación das nacións definidas por criterios etnolingüísticos como era o caso de Galicia. Xa que logo, o **PCE** en Galicia puxo en primeiro plano das súas preocupacións a cuestión nacional galega.

En 1966 comezou a publicación da súa revista teórica *Nova Galicia*, onde o tratamento desa cuestión tiña un lugar central. E en 1968 o recoñecemento do feito nacional galego tivo unha importante tradución organizativa coa constitución do **Partido Comunista de Galicia**, dirixido por Santiago Álvarez e federado ao **PCE**, e coa edición do seu voceiro en galego *A Voz do Pobo* **DOC.2**.

En marzo de 1968, tiveron lugar os primeiros incidentes serios entre os estudantes e as autoridades académicas da Universidade de Santiago. Deles naceu o **Movemento Universitario Galego**, que foi en aumento nos anos seguintes e sobre o cal o **PCE** non puido nunca exercer unha influencia comparable á que tiña sobre a loita sindical.



DOC.1 Os obreiros de Bazán traballando en 1941 baixo os símbolos franquistas.

DOC.2

Na introdución do programa do PC de Galicia decimos que "a base ouxetiva do problema nacional atópase na contradición que existe entre a diversidade nacional do Estado español e o feito de que non se teña en conta esa diversidade, non se recoñeza o dereito de autodeterminación e que, con Galicia, Euskadi e Cataluña, se practique unha política cerrilmente centralista e burocrática de discriminación e de opresión nacional". (...) Neste contexto, o conxunto da autonomía, na fase do restablecemento das liberdades políticas a nivel de todo o Estado, que é a batalla crucial destes intreos, deberá ser un importante fito histórico pra conquistar o dereito de autodeterminación na etapa en que, elixida por unha Asemblea Constituínte, se promulgue unha Constitución democrática e se proclame a España como un Estado multinacional.

ÁLVAREZ, S.: *Ensaio encol do problema nacional galego*, 1976. [Texto adaptado]

1. En que se diferencia esta postura da dos nacionalistas galegos?

Entanto, a organización e as **protestas dos obreiros** polas súas condicións de vida e traballo e pola ausencia de liberdade sindical foron en aumento ata culminar en 1972 coa folga e manifestación do 10 de marzo en Ferrol, que se saldou con dous mortos e vinte feridos por disparos da policía e a posterior folga xeral que mantivo Vigo paralizada durante varias semanas **DOC.3**.

3.2. Nacionalismo galego

Como consecuencia do abandono da vía política polos galeguistas históricos do grupo Galaxia, os anos cincuenta son de eclipse total do nacionalismo en Galicia. No comezo da década dos sesenta os mesmos factores que reavivan a oposición en toda España actúan para provocar o renacemento desta opción política.

Por un lado, Ramón Piñeiro decide promover unha forza de orientación socialdemócrata e federalista, na que el nunca militará. Nace así en 1963 o **Partido Socialista Galego**, con moi poucos afiliados, no que conviven algúns ex-membros do Partido Galeguista, como Francisco Fernández del Riego, cunha maioría de mozos, entre os que está o futuro líder, Xosé Manuel Beiras.

O Partido Socialista Galego é concibido como escola de dirixentes dunha democracia futura. Voluntariamente afastado de calquera acción abertamente subversiva que puidese atraer sobre si a dura represión do réxime, o PSG limitábase a formar os seus afiliados, facer estudos económicos, relacionarse con forzas afíns de fóra de Galicia e colaborar na creación e no funcionamento dalgunhas asociacións culturais para difundir o seu ideario dentro da legalidade.

Así aparecen *O Galo* en Santiago (1961), *O Facho* na Coruña (1963), a Asociación Cultural de Vigo (1965), etc. Non obstante, nos primeiros anos setenta, a radicalización ideolóxi-



DOC.3 A praza de España de Ferrol, ocupada pola policía o 10 de marzo de 1972.

ca dos mozos encabezados por Beiras provoca un cambio de liña no partido que non afecta ao seu federalismo, pero si introduce no programa propostas anticapitalistas e dá lugar a unha actividade política máis decidida na loita contra a ditadura.

Por outro lado, un pequeno grupo de mozos nacionalistas residentes en Madrid funda en novembro de 1963 a **Unión do Pobo Galego**. Concibida inicialmente como unha fronte patriótica, a súa primeira acción consiste en sumarse en 1965 á resistencia veciñal contra a construción do encoro de Castrelo de Miño intentando sabotar as obras **DOC.4**.

En 1966 transfórmase en partido e vai asumindo como ideoloxía única un marxismo-leninismo que conxuga a revolución socioeconómica co obxectivo da autodeterminación. Nesa liña procura implantarse tanto entre o campesiñado como entre os obreiros. E así, en 1971 crea os Comités de Axuda á Loita Labrega, precedente do que serán as **Comisións Labregas**. Constitúe en 1973 o seu Frente Obreiro, xerme dos futuros sindicatos nacionalistas. No mesmo ano pon en marcha o seu brazo político na universidade: Estudiantes Revolucionarios Galegos (ERGA).

Deste modo, antes do asasinato de Carrero Blanco pola ETA o 20 de decembro de 1973, feito que marca o principio da fin da ditadura, o nacionalismo galego contaba con dúas organizacións de esquerda marxista suficientemente activas para que as reivindicacións estritamente nacionalistas fosen tidas en conta pola oposición. Pero a negativa do grupo Galaxia, con Ramón Piñeiro á cabeza, a refundar o Partido Galeguista privaba ao conxunto do nacionalismo dunha forza de centro democrático que sintonizase coas aspiracións políticas maioritarias e que achegase ademais o activo de lexitimidade histórica que só esas siglas podían dar. As consecuencias desta eiva poñeranse de manifesto nalgunhas peculiaridades da transición en Galicia.

DOC.4

1. Galicia é unha nación, e como tal ten dereito á autodeterminación.
2. O pobo galego exercerá o poder en Galicia.
3. Os medios de produción, distribución e crédito pertencen ao pobo.
4. A colectivización do agro comezará cunha etapa cooperativa como fase previa a formas máis desenvolvidas de socialización.
5. A pequena empresa e a industria artesá serán concentradas en unidades produtivas superiores.
6. A grande empresa capitalista será socializada de inmediato.
7. A organización administrativa do campo galego terá por núcleos as agrupacións tipo parroquia que se integrarán na comarca. O territorio urbano será administrado por consellos compostos por distritos.
8. A educación estará ao servizo do pobo.
9. O idioma oficial de Galicia será o galego, de ensinanza obrigatoria.
10. A liberación nacional de Galicia non descarta a vinculación de Galicia cos demais pobos da Península.

Principios básicos de Unión do Pobo Galego, Santiago, 1964.

2. Analiza os contidos básicos deste programa e compárao coa postura do Partido Comunista de Galicia.

1 A EXTINCIÓN DO PARTIDO GALEGUISTA E O GRUPO GALAXIA

(...) desde o ano 1943 ao 1950 o galeguismo actuou intensamente en contacto coa oposición clandestina coa esperanza de que o remate da guerra restablecería a democracia en España. Tratábase de percurar que os dereitos democráticos do pobo galego estivesen presentes en chegando ese cambio. Pero polo 50 xa estaba moi claro que ese cambio non se ía producir. A partir de aí, as posibilidades de actuación clandestina carecían de horizonte real. Facíase preciso actuar doutro xeito. Tiñamos que empezar de novo, crear de novo conciencia galeguista, empresa que non podía consistir na simple persistencia do galeguismo de pre-guerra. As consecuencias da guerra civil e da guerra mundial –e o paso do tempo, claro– impúñanos unha responsabilidade política fundamental: galeguizar aos mozos para que no futuro, nun futuro entón imprevisible, Galicia puidese contar coa posibilidade de asumir a súa propia responsabilidade política. Foi entón cando concibimos a necesidade de manter unha dobre liña de acción: por unha banda, conservar os vencellos coa oposición clandestina para estar presentes nela e para estar informados da súa evolución; por outra banda, iniciar unha nova batalla política: a batalla cultural. Para esta batalla cultural, destinada a despertar a conciencia galega nas novas xeneracións e a facer presente, no país e fóra do país, a existencia afirmativa da personalidade de Galicia como pobo, necesitábase un órgano legal. Así naceu Galaxia, que permitiu a organización legal dese esforzo (...).

Dun xeito ou de outro, como accionista –as accións eran de mil pesetas e non se podían adquirir máis de dez cada un– ou como suscritores, pódese dicir que participaron todos os galeguistas activos existentes nos anos 50. Nós quixemos vencellar en Galaxia homes de xeneracións anteriores (Otero Pedrayo, Cuevillas, Gómez Román, Caba-

nillas, Maside) cos da nosa (Paco del Riego, Xaime Isla, Meixide, Viñas Cortegoso, Antón Beiras, Xohan Ledo, Dónega, Álvarez Blázquez, etc). No desenvolvemento de Galaxia como realidade actuante coído que os factores básicos foron estes catro: o pulo ideativo inicial de Xaime Isla, o inagotable entusiasmo e a rexa disciplina executiva de Paco del Riego, a contribución artística de Xohan Ledo, verdadeiro creador da imaxe gráfica de Galaxia, e a mobilización cultural, que estivo ao meu cargo.

Ramón PIÑEIRO, entrevista en FERNÁNDEZ FREIXANES, V.:
Unha ducia de galegos, 1976.



De esquerda a dereita, Ramón Piñeiro, Domingo García Sabell e Ramón Otero Pedrayo, na casa deste último en Trasalba.

- Sopesa as consecuencias positivas e negativas que puido ter esta estratexia para a pervivencia e evolución posterior do galeguismo político.
- Compara o caso galego co catalán e co vasco e enumera as diferenzas principais.

2 OS SUCECOS DO DÍA 10 DE MARZO DE 1972 EN FERROL

Os dirixentes do Partido Comunista estabamos convencidos de que canto máis se lle presionase ao réxime con accións de todo tipo, legais ou ilegais, máis se debilitaría o franquismo. Como aquí en Ferrol o movemento obreiro era forte, concienciado e, en conxunto, ben organizado, os convenios colectivos servían de acicate para exercer a presión que se necesitaba para desacreditar as institucións sindicais e o propio réxime. (...) A partir de decembro de 1971, comezaron a facer asembleas informativas para discutir e negociar o convenio [de Bazán]. (...) O 9 de marzo houbo un enfrontamento dos obreiros de Bazán, reunidos en asemblea diante de dirección, coa policía que, por primeira vez, fora autorizada a entrar no recinto da empresa. No enfrontamento houbo varios feridos e magoados. Un grupo restrinxido do Comité Local do Partido reuniuse o mesmo día 9 pola noite e acordou que se as portas de Bazán se atopaban pechadas ao

amencer, como así foi, habería que realizar unha concentración de masas diante da entrada e, posteriormente, dirixirse ao polígono de Caranza para se reunir cos obreiros da construción. Habería que realizar asembleas e ver de que forma os obreiros de Astano poderían saír ao encontro. Remataríamos cunha gran manifestación ao resto dos membros de CCOO.

Á mañá seguinte moi cedo iniciouse a marcha cara a Caranza. Dous policías da Social, cumpridores e madrugadores, saíron vixiando a masa obreira. Ao ver que se poñía en marcha, dirixíronse ao cuartelillo da Policía Armada para comunicarllo ao capitán (...). Dúas compañías da Policía Armada saíron do cuartelillo cortándolle o paso á manifestación na estrada das Pías. Foi daquela cando se produciu o enfrontamento. Os policías carecían de material antidisturbios e trataron de impoñer a "orde" con pistolas e porras. Os disparos sucedéronse e con eles

os feridos e os mortos. Ante a imposibilidade de solucionar os problemas, os policías retiráronse pois, de non o facer, serían atropelados polos catro mil obreiros que avanzaban enfurecidos e doídos ao veren os seus compañeiros abatidos a tiros.

Como resultado do enfrontamento houbo dous mortos, Amador Rey Rodríguez e Daniel Niebla García, e vinte e dous feridos, oito deles hospitalizados, un moi grave. Varios dos feridos non fixeron acto de presenza nos hospitais por temor á represión da policía (...). O luns 13 de marzo presentouse en Ferrol unha brigada de Investigación Social de Madrid, ao mando de Vicente Reguengo (...). O paso por Ferrol deste tebroso personaxe deixou o seguinte historial: cento dous detidos, dos cales sesenta e un foron maltratados (...) corenta e dous procesados polo Tribunal de Orde Pública; seis consellos de guerra; catro exiliados en Francia.

Francisco GONZÁLEZ VIDAL, "Paco Balón": *Memorias de un comunista ferrolano*, 1999.
[Traducido do castelán]

- a) Discute se a política de negación dos dereitos sindicais e das liberdades fundamentais era beneficiosa ou prexudicial para o desenvolvemento económico do país.



Inauguración do monumento conmemorativo do 10 de Marzo. Ferrol, 1994.

3 PROGRAMA DO PARTIDO SOCIALISTA GALEGO

O Partido Socialista Galego é unha organización política que loita pola conversión de Galicia nunha sociedade socialista, é dicir, pola construción dunha sociedade socialista para e polo pobo galego. Concibimos a sociedade socialista como unha sociedade sen clases, plenamente democrática, onde a propiedade real dos medios de produción sexa colectiva, onde as decisións económicas sexan realmente exercidas polos traballadores mediante a autoxestión e a planificación descentralizada, onde a cultura sexa unha creación e un patrimonio populares, e onde o poder político exprese a vontade consciente dos máis e garanta a liberdade de todos (...). O PSG define a súa concepción de Galicia nos seguintes puntos:

1. Galicia é unha nación, ou sexa, un país dotado dunha personalidade propia nas ordes territorial, antropolóxica, socioeconómica e cultural; unha comunidade definida historicamente por un territorio, unha estrutura económica, un idioma e unha cultura propios e singulares.
2. A sociedade galega é unha sociedade subdesenvolvida, é dicir, que padece atraso económico, que carece de desenrolo autónomo e que está supeditada ós procesos de crecemento que se operan nos centros do sistema capitalista, radicados fóra do seu territorio.
3. Galicia é un país sometido a relacións colonialistas nos planos económico, cultural e político. O instrumento primordial do asoballamento colonialista de Galicia, que dura xa cinco séculos, é o Estado centralista español. (...)

Como consecuencia do anterior, o PSG afirma: (...) o pobo galego ten dereito á autodeterminación política e, xa que logo, a exercer o poder constituínte que formalice as institucións políticas axeitadas para o seu autogoberno (...).

O idioma de Galicia é o idioma galego. A cultura galega é a cultura do pobo traballador de Galicia, que é fundamentalmente un pobo galegofalante. (...)

Cómpre, pois, loitar contra as formas e os mecanismos de alienación cultural, como atrancos que son a libre realización colectiva nunha das súas manifestacións máis fondas. (...)

O PSG (...) proclama a súa solidariedade cos demais pobos da Península Ibérica (...).

Sen prexuízo do previo requisito da autodeterminación do pobo galego e demais pobos peninsulares, o PSG postula unha fórmula federativa para o artellamento do futuro Estado da Península Ibérica. (...)

Declaración de principios do Partido Socialista Galego, 1974

- a) Identifica a ideoloxía contida neste fragmento en función da análise e ordenación das súas ideas principais.
- b) Valora o grao de viabilidade deste programa no contexto da Europa occidental e en función dos resultados obtidos posteriormente.